

Resolución do 20 de maio de 2022, do tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo), pola que se da publicidade a diversos acordos

En sesión que tivo lugar o 20 de maio de 2022 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo unitario para cubrir postos de auxiliares de policía local, convocado por la Orde de 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo)

ACORDOU

1. Estudadas as alegacións presentadas ás cualificacións da segunda proba do proceso, acórdase desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas.
2. Aprobar como Anexo I a esta resolución a listaxe de persoas aprobadas do proceso por orde decrecente de puntuación en número non superior ao de postos convocados.
3. Aprobar como Anexo II a esta resolución a listaxe de reserva por orde decrecente de puntuación en número non superior ao de postos convocados.
4. Aprobar como Anexo III a esta resolución a listaxe de colaboración para a contratación de auxiliares de policía local prevista na base 9.2 da convocatoria
5. Elevar a definitiva a relación de cualificacións da terceira proba das persoas aptas na segunda proba e non exentas da súa realización, ao non se teren presentado alegacións.

Tal e como establecen as bases da convocatoria no seu punto 5.8, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En A Estrada, 20 de maio de 2022
A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

